

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 5 de xullo de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día cinco de xullo de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(734).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e da sesión extraordinaria e urxente do 21 de xuño de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(735).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO PARA PROGRAMAS DE AXUDA A MULLERES EN PERIGO DE EXCLUSIÓN SOCIAL, MANTEMENTO DA ASOCIACIÓN E PARA DIVERSAS ACTIVIDADES. EXPTE. 9916/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.05.13, o informe de fiscalización, do 28.06.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 22.05.13, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Conceder a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF G-36928846, unha subvención por importe de 15.000 € en concepto de programas de axuda a mulleres en perigo de exclusión social, mantemento da asociación e para as actividades que figuran no escrito de solicitude, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.02 (Subvencións por razóns humanitarias ou sociais) ou no seu defecto con cargo a bolsa xurídica de vinculación do vixente orzamento.
2. O pagamento destas cantidades realizarase mediante transferencia bancaria á conta número 2080.0000.73.0040281291 de Novacaixagalicia, oficina principal.
3. O pagamento expresado na punto anterior farase:
Un só pago , de 15.000euros, contra a presentación da memoria de avalización da programación correspondente ó ano en curso e dos xustificantes orixinais de pago que serán visados polo técnico da Alcaldía, presentado como maximo antes do día 10 de decembro de 2013 con cargo á partida orzamentaria 912.0.489.00.02 “Subvencións por razóns humanitarias ou sociais ” ou á súa bolsa de vinculación do orzamento actual.
4. Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
6. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
7. A beneficiaria, antes do 10 de decembro de 2013, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago con facturas ou documentos orixinais, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.
A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

8. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
9. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
10. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
11. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.
12. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigadocumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

13. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexeráse pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

3(736).- DAR CONTA DE SENTENZAS REMITIDAS POR ASESORÍA XURÍDICA.

Dáse conta das seguintes sentenzas:

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 103/2011 P.O. Demandante: "FEDERACION DE ASOCIACIONES DE PADRES DE ALUMNOS DEL SUROESTE DE GALICIA". Obxecto: Desestimación presunta de reposición contra XGL 25.02.2011 "Programa de inmersión lingüística en inglés" (Expte.: 2278/321 e 12506/332). Desestimado o recurso.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 143/2010 P.O. Demandante: D^a Aurea Soto Lago. Obxecto: Desestimación presunta e serodia expresa do 17/01/2010. Expte.: RPA "acoso laboral" (reclamación administrativa do 08/06/2010). Estimado parcialmente o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(737).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 05/2385.

Visto o informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 11.06.13, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D. Aquilino Pereira Álvarez.

5(738).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 17.968,50 € A FAVOR DE SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.- SAMYL POLOS SERVIZOS DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO CEMITERIOS- MAIO 2013. EXPTE. 9942/255.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 27.06.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Negociado de Cemiterios, do 19.06.13, conformado polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e pola concelleira delegada da Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante convalidación a favor de “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. -SAMYL-” por importe de 16.875,24 euros (IVE engadido) segundo factura correspondente o mes de maio de 2013, pola realización dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiteiros municipais naquelas datas.

Segundo.- Recoñece-la obriga de pagamento a favor de “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. -SAMYL-, CIF.: B-47037577)”, por importe de 16.875,24 euros (IVE engadido) pola realización dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiteiros municipais no mes de maio de 2013, con cargo á Partida orzamentaria 1640.2279900 do vixente exercicio.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados nos termos do artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

6(739).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE DOS SERVIZOS DE ASESORAMENTO, APOIO E XESTIÓN E AVALIACIÓN DO PROXECTO IMOS TRABALLAR. EXPTE. 9502/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 26.06.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado con publicidade dos servizos de asesoramento, apoio a xestión e avaliación do proxecto Imos Traballar (expediente 9502-77), no seguinte orde decrecente:

- Metodo Estudios Consultores S.L.U. 92 puntos.

Segundo.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar Metodo Estudios Consultores S.L.U. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Documentación acreditativa de dispor efectivamente os medios personais esixidos no apartado 6 E) das Follas de Especificacións do Contrato (FEC) anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

7(740).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESOS E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS. EXPTE. 2716/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.07.13, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 12.06.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a MANPOWERGROUP SOLUTIONS S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de portería, control de accesos e información ao público nos centros cívicos municipais (Expte. 2716-321) por un prezo total de 591.115,25 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 102.590,25 €. Comprometendose a incrementar sen coste para o Concello o número mínimo de horas de prestación do servizo fixado na cláusula 2 do prego de prescricións técnicas (7.750 hora anuais) en 1.482,50 horas/anuais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

8(741).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 16.875,24 € A FAVOR DE SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.- SAMYL POLO SERVIZO DE LIMPEZA DO VERBUM, XANEIRO-15 XUÑO 2013. EXPTE. 2257/340.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.06.13 e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Museo Verbum, do 20.06.13, conformado polo xefe do Servizo de Museos, o xefe do

virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 8 de febreiro de 2013.

Doutra, don Gregorio Álvarez Pereira, como presidente do Centro Veciñal e Cultural de Valadares, CIF nº G-36.805.158 e enderezo social na estrada xeral de Valadares nº 233 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 5069/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o Centro Veciñal e Cultural de Valadares ten por fins, entre outros, o de organizar actividades culturais e sociais diversas. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Polbo”, no monte dos Pozos de Valadares, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades das “Festas de Verán 2013”, que se desenvolve nos meses de xullo, agosto e setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0006, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros, a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valadares.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Polbo 2013 no Monte dos Pozos de Valadares o vindeiro 11 de agosto.

VI.- Que a entidade Centro Veciñal e Cultural de Valladares non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsábeis e certificacións que figuran no expediente núm. 5069/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Centro veciñal e cultural de Valadares, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O Centro Veciñal e Cultural de Valadares comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Polbo

2013 que terá lugar no monte dos Pozos (Valadares) o día 11 de agosto de 2012, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

8º.- Deixar a zona do Monte dos Pozos que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Festas de Vigo 2013".

4º.- Conceder directamente ao Centro Veciñal e Cultural de Valadares, unha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Polbo 2013.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.5082.36.3040007433, da entidade bancaria NCB BANCO, S.A., da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Festas e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado

se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

Décimo.- *Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

Décimo primeiro.- *Serán gastos subvencionábeis os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

Décimo segundo.- *A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo da Concellería de Cultura, Festas e Museos. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo terceiro.- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo cuarto.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- *A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

Décimo sexto.- *O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.*

Décimo sétimo.- *O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2013 e non será prorrogábel.*

Décimo oitavo.- O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura, Festas e Museos. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Cultura, Festas e Museos. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Sardiña 2013 na Carballeira da Guía o vindeiro 3 de agosto.

VI.- Que a entidade Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 5067/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto a organización da Festa da Sardiña 2013 que terá lugar na carballeira da Guía o día 3 de agosto de 2012, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

8º.- Deixar a zona da carballeira da Guía que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluir esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Vigo en Festas 2013".

4º.- Achegar unha banda popular de música con cargo ó convenio asinado polo Concello coa Federación de Bandas populares de música de Vigo.

5º.- Conceder directamente á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, unha subvención por importe de 7.650,00 (sete mil seiscentos cincuenta) euros co obxecto de coadxugar ó financiamento da organización da Festa da Sardiña 2013.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número 0072.0462.88.0000100503, da entidade bancaria BANCO PASTOR, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- *As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentárase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

Décimo.- *Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

Décimo primeiro.- *Serán gastos subvencionábeis os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

Décimo segundo.- *A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo da Concellería de Cultura, Festas e Museos. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo terceiro.- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2013 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura, Festas e Museos. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Cultura, Festas e Museos. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establececerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

11(744).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA DE TEIS PARA ORGANIZAR O XXII GRAN PREMIO CICLISTA TEIS O VINDEIRO DÍA 7 DE XULLO. EXPTE. 12084/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.05.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Teis a organizar o vindeiro día 7 de xullo de 2013, o XXII GRAN PREMIO CICLISTA TEIS. A dita proba terá un horario de 10 a 13 horas e percorrera as rúas Sanjurjo Badía, Enrique Lorenzo, Avda. De Guixar, e Julián Estévez.

12(745).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A EL CORTE INGLÉS PARA ORGANIZAR A “XXXV TRAVESÍA A NADO EL CORTE INGLÉS- TROFEO RÍA DE VIGO-NATACIÓN LARGA DISTANCIA”, O VINDEIRO 4 DE AGOSTO. EXPTE. 12156/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.06.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a El Corte Inglés, a organizar o vindeiro domingo 4 de agosto de 2013, a XXXV Travesía a nado El Corte Inglés- Trofeo Ría de Vigo- Natación Larga Distancia. Dita proba terá lugar na praia do Vao e nas inmediacións da Isla de Toralla, nun horario comprendido entre as 9.00 horas e as 14.00 horas.

13(746).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A PLAYOFF CONSULTING S.L. PARA ORGANIZAR O “TOUR NBA 3X” OS VINDEIROS 12, 13 E 14 DE XULLO NO APARCADOIRO DE SAMIL. EXPTE. 12263/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 1.07.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a entidade PLAYOFF CONSULTING S.L, a organizar os vindeiros días 12, 13 e 14 de xullo de 2013, a competición deportiva denominada Tour NBA 3X , dita competición se levará a cabo no aparcadoiro de Samil que se atopa ao lado do Poli-deportivo.

14(747).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE EDUCACIÓN DE DATA 27.06.13 POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E AS LISTAS DE AGARDA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS. EXPTE. 15230/332.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Resolución do concelleiro delegado de Educación da data 27.06.13, pola que se aproba a relación definitiva de admitidos/as e as listas de agarda nas Escolas Infantís Muicipais, coa puntuación obtida e a cota mensual que corresponde aboar en cada caso:

DECRETO

Vista a proposta contida no informe do técnico superior do Servizo de Educación de data 26 de xuño de 2013, sobre reclamacións e lista definitivas de adxudicación de prazas e listas de agarda para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2013/2014 (expte. nº 15230/332)

RESOLVO:

- 1. Estimar e incorporar aos respectivos expedientes a documentación aportada pola/os seguintes recurrentes: Sandra Veloso Domínguez (Nº Rex. 130066662), incluíndoa, no listado de admitidos da EIM Bouzas que solicita en segunda opción cunha puntuación definitiva de 14 puntos. Lucía Franco Costas (Nº Rex. 130067060), incluíndoa, unha vez revisado o baremo, na lista de agarda da EIM de Bouzas, cunha puntuación de 16 puntos. Carlos Suárez Mansilla (Nº Rex. 130067622), incorporando nos listados definitivos da EIM Santa Marta e a EIM Atalaia cunha puntuación de 17 puntos, quedando en lista de agarda de ámbalas dúas escolas. Jorge Manuel López Iglesias (Nº Rex. 130068275), incorporando nos listados definitivos das EIM Bouzas e Tomás Alonso, cunha puntuación de 9 puntos, quedando en lista de agarda de ámbalas dúas escolas. Marcos Campos Gómez (Nº Rex. 130068315), incluíndoo, unha vez revisada a baremación, na lista de agardada EIM Bouzas coa mesma puntuación de 12 puntos. Verónina Rubio Veloso (Nº Rex. 130069165), incluíndoa, unha vez revisada a baremación, na lista de agardada EIM Bouzas cunha puntuación de 15 puntos. Liliána Mouteira Salgado (Nº Rex. 130070250), aceptar a revisión da baremación, resultando unha taxa de 49,60 € e unha puntuación de 14 puntos.*

Correxir os erros detectados por asignación incorrecta no programa informático, dos centros escollidos polas familias seguintes:

Vanessa Mamani Ticona, solicita a EIM Santa Marta e por erro aparece nos listados da EIM Santa Cristina. Dulcea Montoya Martíns, solicita a EIM Santa Marta e por erro apare-

ce nos listados da EIM Santa Cristina. Antón Núñez Bernárdez, non se lle marcou a segunda opción que solicita na EIM Bouzas.

2. Desestimar, polas razóns expostas no informe do técnico do Servizo de Educación de data 21/06/11, as reclamacións presentadas por: Marta Hermida Martínez (Nº Rex. 130065565), María Sueli Xavier (Nº Rex. 130067158), Andrea Lorenzo e Rubén Fraga Costa (Nº Rex. 130068052), Jemimah González Carrera (Nº Rex. 130069741), Flora Comesaña Otero (Nº Rex. 130069748) e Beatriz M^a Gándara Acuña (Nº Rex. 130070860).
3. Aprobar a adxudicación das seguintes prazas, que estaban condicionadas por falta de documentación e que completaron durante o período de reclamacións: Thiago Gallego Manteca, cunha puntuación definitiva de 16 puntos, Marveli Guadalupe Suram, cunha puntuación definitiva de 17 puntos, Skhana Yara Sene Bene, cunha puntuación definitiva de 19 puntos, Cosmin, Craciun, cunha puntuación de 19 puntos, Amelia Sabba Roldan, cunha puntuación definitiva de 13 puntos, Iker Gracia González, cunha puntuación definitiva de 13 puntos, Tayra Romero Fernández, cunha puntuación definitiva de 24 puntos, David Gabarri Fernández, cunha puntuación definitiva de 21 puntos, Ian Estévez Lorenzo, cunha puntuación definitiva de 22 puntos, Gala Prieto Llinás, cunha puntuación definitiva de 12 puntos, Javier Argones Solla cunha puntuación definitiva de 21 puntos.
4. Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e lista de agarda nas Escolas Infantís Municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello, Costeira-Saiáns, Tomás Alonso e Bouzas para o curso 2013-2014, que se inclúen no expediente.
5. Ordenar a publicación das listas citadas no taboleiros de anuncios das Escolas Infantís Municipais e na páxina web municipal.
6. Indicar aos interesados/as que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación; sen presuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

Desta Resolución darase conta á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

15(748).- SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN COMO PEIM (PROXECTO EMPRESARIAL DE INTERESE MUNICIPAL) DO “DEPÓSITO DE TRATAMENTO DE BIOMASA NA COMUNIDADE DE MONTES”. EXPTE. 9276/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 2.07.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Cualificar como Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM) o proxecto “DEPOSITO E TRATAMENTO DE BIOMASA NA COMUNIDADE DE MONTES DE CORUXO”. presentado por D Antonio Ocampo Pereira, en representación da empresa “COMUNIDADE DE MONTES DE CORUXO”, para a creación dun depósito de restos forestais, ou de biomasa en xeral, realizando unha primeira transformación deste material mediante unha astillado, realizando posteriormente o seu envío aos centros demandantes.

Comunicar mediante remisión de copia do acordo ás dependencias municipais de Administración de Tributos e Xerencia de Urbanismo.

16(749).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN” NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2013, PARA A ATENCIÓN Á CIDADANÍA MEDIANTE COIDADORES DE BARRIO, A PERSOAS DE RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL, AO FOMENTO DOS BANCOS DE TEMPO E DOS LIBROS DE TEXTO. EXPTE. 9816/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.06.13, o informe de fiscalización do 20.06.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 10.06.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación ERGUETE-Integración, con CIF: G36861078.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **307.715,25 €** como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4890020 “Convenio Erguete Inserción laboral”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

“CONVENIO COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN” NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO” PARA A ATENCIÓN A CIDADANÍA MEDIANTE COIDADORES DE BARRIO, A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN, AO FOMENTO DOS BANCOS DE TEMPO E DE LIBROS DE TEXTO ”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de 6 de febrero de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febrero de 2013), con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, Dona Carmen Avendaño Otero co DNI 35956947N en calidade de Presidenta da Fundación ERGUETE-Integración, conforme as escritura pública de data 12/03/2012, ten poder suficiente para actuar en nome da Fundación ERGUETE-Integración, con domicilio social en Avda. Martínez Garrido, 21 – Interior 36205 de VIGO e CIF G36861078.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

Que a mellora do benestar dos cidadáns de Vigo e especialmente das persoas en risco ou situación de exclusión social é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das persoas en risco ou situación de exclusión social, procurando que os custes do convenio de colaboración coa fundación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias da Fundación ERGUETE-Integración.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de persoas desempregadas reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa Fundación ERGUETE-Integración.

A colaboración coa Fundación ERGUETE-Integración, dentro do marco do Plan Municipal de Emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais, e a prórroga dos realizados con cargo ao Plan Municipal de Emprego 2012, se dinamice a inserción en profesións relacionadas coa formación e dinamización no acompañamento ás persoas residentes nas zonas de actuación, así como a dinamización de actividades que fomenten a solidariedade, a colaboración e as relacións interpersonais, mediante a promoción dos bancos de tempo e dos bancos de libros de texto, se lle ofrezca aos veciños e veciñas de Vigo, así como ás persoas en risco de exclusión social a posibilidade de mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade.

MANIFESTAN

I.- - Que a Fundación ERGUETE-Integración, conforme o súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 13 de maio de 2013 co nº de documento 1130055608, ten previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

- 1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a contratación de persoas en situación de risco exclusión social.*
- 2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa atención ás persoas, así como en labores de conserxería mediante a realización das actividades de:*
 - a) Acompañamento as persoas que o precisen nas súas labores cotiás.*

- b) Realizar servizos vitais de apoio a persoas maiores con problemas de mobilidade ou discapacidade.
 - c) Axudas, información e atención a indixente e transeuntes.
 - d) Colaborar cos servizos de hotelería e turismo nos procesos de información e asesoramente a visitantes.
 - e) Colaboración cos servizos públicos e de emerxencias.
3. Facilitar experiencia profesional relacionada coa xestión de administrativa, a atención ao público en proxectos relacionados:
- a) Xestión, fomento e dinamización dos bancos de tempo en Vigo, como espazos de intercambio de tempo por servizos, e de relacións interpersonais.
 - b) Creación e xestión dun banco de libros de texto para as familias de Vigo, podan compartir e intercambiar os libros de texto e, reduzan o desembolso habitual de principios de cada curso escolar.
 - c) Colaborar na redución de dano con drogodependentes en situación de emerxencia social, mediante unha unidade móbil no Casco Vello e noutras zonas de conflitividade na cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Fundación ERGUETE-Integración, a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencial que permitan lograr que os/as traballadores/as sexan actores clave na mellora da situación de crise actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara a mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

CONCELLO	Paro Actual	Paro Anterior	VARIACION	Total <25	Homes <25	Mulleres <25	Total >25	Homes >25	Mulleres >25
VIGO	35.263	35.082	181	2.105	1.102	1.003	33.158	15.309	17.849

Paro rexistrado por sector de actividade:

CONCELLO	PARO_TOTAL	AGRIC_GANA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	SEN_EMPREGO
VIGO	35.263	492	5.072	3.444	23.377	2.878

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Fundación ERGUETE-Integración da situación das persoas en risco ou situación de exclusión social, así como da falta de persoal especializado no acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente concenio ao fin de regular

os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a contratación de persoas en risco ou situación de exclusión social mediante accións de atención ás persoas presentes na súa área de actuación e do fomento de actividades destinadas ao fomento da solidariedade entre as persoas e da colaboración entre elas.

V.- Que a Asociación Fundación ERGUETE-Integración non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación ERGUETE-Integración, o Concello de Vigo e a dita fundación conveñén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Fundación ERGUETE-Integración comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto á acadar directamente e por medio da empresa da fundación "Inserción Laboral Cormo Integral SLU". A inserción laboral de persoas en risco ou situación de exclusión social, mediante accións de atención ás persoas presentes na súa área de actuación, así como a adquisición de experiencias laborais nese ámbito e, concretamente, a asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a contratación de persoas en situación de risco exclusión social.
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa atención ás persoas, así como en labores de conserxería, mediante a realización das actividades de:
 - a) Acompañamento as persoas que o precisen nas súas labores cotiás.
 - b) Realizar servizos vitais de apoio a persoas maiores con problemas de mobilidade ou discapacidade.
 - c) Axudas, información e atención a indixente e transeuntes.
 - d) Colaborar cos servizos de hotelería e turismo nos procesos de información e asesoramente a visitantes.
 - e) Colaboración cos servizos públicos e de emerxencias.
3. Facilitar experiencia profesional relacionada coa xestión de administrativa, a atención ao público en proxectos relacionados:
 - a) Xestión, fomento e dinamización dos bancos de tempo en Vigo, como espazos de intercambio de tempo por servizos, e de relacións interpersonais.
 - b) Creación e xestión dun banco de libros de texto para as familias de Vigo, poidan compartir e intercambiar os libros de texto e, reduzan o desembolso habitual de principios de cada curso escolar.
 - c) Colaborar na redución de dano con drogodependentes en situación de emerxencia social, mediante unha unidade móbil no Casco Vello e noutras zonas de conflitividade na cidade de Vigo.
4. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

5. Na páxina web da entidade e no emprazamento das accións constará en lugar visible un cartel informativo en modelo normalizado. Modelo que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
6. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Fundación ERGUETE-Integración.
3. Conceder directamente á Fundación ERGUETE-Integración unha subvención total por importe de 307.715,25 € con ca cargo á partida 2410 4890020 "Convenio Erguete Inserción laboral", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2013, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Así mesmo, a beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Oitavo.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
 - Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - Dous a membros da Fundación ERGUETE-Integración.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as seleccións de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e,

no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.*
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de abril de 2013 e o 31 de outubro de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2013.

17(750).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA MONTE DA MINA DE CASTRELOS -2013. EXPTE. 6112/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.06.13, o informe de fiscalización do 17.06.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Participación e Atención Cidadá, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro de Emprego, Participación Cidadá, Voluntariado e Educación e o a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 9.000 € (nove mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890009, denominada “*Convenio Asociación Monte da Mina*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2013, a favor de Asociación Veciñal, Cultura e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultura e Deportiva “Monte da Mina” de Castrelos (CIF.-G-36623593), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre os meses de xaneiro a outubro de 2013, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e para a coordinación e xestión pola entidade do viveiro de asociacións nas súas instalacións, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 9.000 € (nove mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA “MONTE DA MINA” DE CASTRELOS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO DE 2013, ASÍ COMO, PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DUN VIVIEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Juan Freiría Barros, con DNI 35967067, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF- G-36623593) con domicilio social en Monte da Mina, 16 Castrelos-Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente núm. 6112/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, recibe múltiples solicitudes de diversas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades.

Para levar adiante o compromiso de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo, ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación de Viveiros de Asociacións, polo que se avalía moi positivamente a colaboración que presta a A.V.C.D "Monte da Mina" de Castrelos ao ceder parte das instalacións do seu local social para o uso de outras asociacións.

Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración para coordinar e xestionar o Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. Monte da Mina, así como, as accións encamiñadas ao fomento das actividades da propia asociación que redundan en beneficio de toda a veciñanza.

III.- Que a entidade A.V.C.D "Monte da Mina" de Castrelos", de conformidade co art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.
- A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.
- A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxan.
- A desaparición dos desequilibrios entre barrios.
- A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.
- A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.
- A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.
- A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc.), etc...

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 09/03/87, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 6/87.

V.- Na vontade de aprofundar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos leve a cabo as actividades sociocomunitarias e socioculturais planificadas e a realizar entre os meses de xaneiro a outubro de 2013, segundo memoria achegada, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións, creado no ano 2005 mediante convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a referida entidade, nas súas instalacións, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2013), a partida orzamentaria nº 9240.4890009, denominada "Convenio Asociación Monte da Mina", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 9.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades entre os meses de xaneiro a outubro de 2013, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa contía total, na parte proporcional, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (xaneiro-outubro)

Luz	380,00 €
Auga	73,00 €
Combustible de calefacción	320,00 €
Teléfono	80,00 €
Gastos de administración	380,00 €
IBI	11.457,00 €
TOTAL	12.690,00 €

VIII.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociocultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "A.V.C.D. Monte da Mina de Castrelos" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo para garantir a continuidade do Viveiro de Asociacións instalado nas seu local social, e concretamente:

1. A por a disposición do Concello de Vigo os espazos que deseguido se relacionan:

Planta 1^a

Local	Medidas	Superficie
Sala de lecturas	14, 60 x 7,40	108,04 m ²
Sala de xuntas	5,45 x 5,80	31,61 m ²

Primeiro soto

Local	Medidas	Superficie
Núm. 1	9,60 x 5,60	53,76 m ²
Núm. 2	2,20 x 5,60	12,32 m ²
Núm. 3	6,00 x 8,10	48,60 m ²
Núm. 4	2,90 x 6,38	18,49 m ²
Núm. 5	6,00 x 6,65	39,90 m ²
Núm. 6	9,00 x 3,60	32,40 m ²
Núm. 7	6,10 x 5,40	32,94 m ²
Núm. 11	5,35 x 4,30	22,90 m ²

A utilización dos locais do primeiro soto, farase en réxime de exclusividade por aquelas asociacións beneficiarias da súa cesión en uso conforme aos criterios de selección establecidos polo Concello de Vigo, mentres que a utilización da Sala de Lectura e

Xuntas da primeira planta estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociación.

- 2. Xestionar as autorizacións necesarias para a cesión en uso dos espazos comúns.*
- 3. Xestionar o cobro da cota de participación nos gastos de mantemento das instalacións, xa que, os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidos polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións. A porcentaxe de participación de cada unha delas será establecida pola Comisión de Seguimento.*
- 4. Desenvolver as actividades programadas pola entidade para os meses de xaneiro a outubro de 2013, conforme a proxecto achegado.*
- 5. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.*
- 6. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.*
- 7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.*
- 8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades programadas.*
- 9. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.*
- 10. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade posible, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.*
- 11. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1. Establecer os mecanismos de selección das entidades beneficiarias da cesión en uso dos locais postos a disposición do Concello de Vigo por parte da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.*
- 2. Conceder directamente á entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos unha subvención por importe de 9.000 € (nove mil euros), con cargo a partida orzamentaria nominativa nº 9240. 4890009, denominada "Convenio Asociación Monte da Mina", do vixente orzamento municipal (2013), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades programados e a realizar entre xaneiro e outubro de 2013, así como, para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, en definitiva, para o fomento das súas actividades, do asociacionismo e da participación cidadá.*

Considéranse gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, tales como: gastos de administración, mantemento das instalacións, subministros (teléfono, auga, luz, combustible...), tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención, etc...

- 2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.*

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. *Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*

2. *Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

3. *Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*

4. *Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.*

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2013.

Oitavo.- Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de seguimento integrada por:

1. Representantes do Concello de Vigo:
 - O concelleiro de Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia.
 - O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá.

2. Representantes do A.V.C.D. "Monte da Mina":
 - Presidente da asociación.
 - Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.

3. Viveiro de Asociacións:
 - Un representante de cada unha das asociacións participantes.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase po la A.V.C.D. "Monte da Mina" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2013.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns....
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria

- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5073 09 3040002195 (Novagalicia Banco)

Décimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da

xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa A.V.C.D. "Monte da Mina".

Décimo primeiro- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2013, no período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal,

sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2013.

18(751).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:

A) RESOLUCIÓN DE DATA 12.06.2013, RELATIVA Á SOLICITUDE DE PERMISO NON RETRIBUÍDO DO FUNCIONARIO D. OSCAR GALLEGO LORENZO. EXPTE. 24188/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 12.06.13, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 07 de maio de 2013 (doc. nº 130050604), D. Oscar Gallego Lorenzo, con NIF 44.451.150-Q e núm. persoal 79351, Policía Local deste Concello, solicita permiso non retribuído durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2013, por causa xustificada.

En relación con dita solicitude emítese o seguinte informe:

O vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo" contempla no seu artigo 17 a) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por causa xustificada e sempre que o permitan as necesidades do servizo, 3 meses como máximo cada dous anos, en período mínimos de 15 días, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Por parte deste Servizo de Recursos Humanos non se observan impedimentos ao outorgamento do referido permiso, sempre que as necesidades do servizo quedan debidamente cubertas; extremo que consta no informe do Intendente xefe da Policía Local, de data 11/06/2013.

Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/02/2013, sobre a delegación de competencias en

materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte,

RESOLUCION:

“Primeiro.- Autorizar a D. OSCAR GALLEGO LORENZO, con NIF 44.451.150-Q e núm. persoal 79351, Policía Local deste Concello, un permiso sen soldo por causa xustificada, durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2013, de conformidade co previsto no art. 17 a) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Segundo.- Dese conta da presente resolución ao interesado, Intendente xefe da Policía Local e Servizo de Recursos Humanos (Tco. de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Con data 12.06.13, o concelleiro-delegado de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

B) RESOLUCIÓN DATA 27.05.2013, RELATIVA Á SOLICITUDE DE REINGRESO NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DE D. GUILLERMO CAMESELLE BARROS. EXPTE. 24107/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 27.05.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 22/04/2013 (documento administrativo nº 130044246, relacionado cos documentos nºs 110126860 e 110126860) D. Guillermo Cameselle Barros, con nº de persoal 14.249, funcionario municipal con praza de operador de proceso de datos adscrito ao Servizo de Administración Electrónica, solicita o seu reingreso ao Corpo da Policía Local.

2.- Obra incorporado ao expediente administrativo incoado informe asinado polo asesor xurídico da Policía Local, conformado polo Superintendente Xefe do Corpo, informando favorablemente o eventual reingreso (supeditado ao cumprimento de determinadas condicións de reincorporación) sempre a salvo da resolución que se dicte en relación ao reingreso solicitado.

3.- Consultado o expediente persoal do interesado, así como os expedientes administrativos correspondentes ao "Concurso de Traslados 1989" solicitados ao Arquivo Municipal, resultan os datos seguintes:

- O solicitante tomou posesión como funcionario de carreira do Concello de Vigo, con praza de policía municipal, o 01/02/1983, segundo acta de toma de posesión, tendo recoñecida unha antigüidade na prestación de servizos dende o 01/11/1981 segundo certificación de data 19/11/1991 obrante no seu expediente persoal.
- Por Decreto da Alcaldía de 30/05/1990, e tras a realización do concurso de traslados correspondente a 1989, resolveuse designar a D. Guillermo Cameselle Barros "para ocupar plaza de operador proceso de datos" (literal) indicándose igualmente no citado acto administrativo que "La Resolución se retrotraerá a la fecha desde la cual Ud. viniese desempeñando dicha plaza, con el límite del 1 de enero de 1988. Para ese reconocimiento deberá presentar la oportuna solicitud en modelo oficial, haciendo constar expresamente la fecha desde la cual la solicita". Decreto que lle foi notificado ao interesado o 11/06/1990, segundo acuse de recibo obrante no expediente persoal, non constando no mesmo solicitude de retroacción ata unha data non anterior ao 1 de xaneiro do 1988, sen prexuízo do cal, o acto administrativo indicado desplegau os plenos efectos, en todo caso, dende a data da notificación (08/06/1990) non constando igualmente a interposición de recurso administrativo ou xudicial contra o Decreto da Alcaldía descrito.
- En sesión ordinaria de data 16/02/2004, a Xunta de Goberno Local acordou declarar a D. Guillermo Cameselle Barros na situación administrativa de excedencia voluntaria por incompatibilidade na praza de policía municipal (expediente administrativo nº 14.791/220); situación na cal se atopa cos efectos administrativos, alcance e condicións contidos no propio texto do acordo.

4.- Solicitado informe técnico, en data 16/05/2013 infórmase polo técnico de planificación e organización que efectivamente existen 36 prazas vacantes de policía local nas cales podería materializarse un eventual reingreso, das que 23 atópanse incluídas en oferta pública de emprego.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Como cuestión previa, e para evitar incorrectas interpretacións con supostos similares pero non idénticos, debe efectuarse un breve apunte sobre o Concurso de Traslados correspondente ao ano 1989.

O estudo da documentación incorporada aos arquivadores nos cales se integra o conxunto de actuacións referidas ao Concurso de Traslados correspondentes ao ano 1989 permite deducir, sen demasiada complicación, unha clara circunstancia: o cambio de corpo e escala de parte do persoal municipal, efectuado a través dun sistema reservado para a provisión de postos de traballo.

Sen prexuízo de que podería realizarse un estudo exhaustivo das peculiaridades inherentes ao citado proceso, así como aos informes xurídicos emitidos no marco da tramitación do mesmo (vid. a título ilustrativo, Informe emitido polo Secretario Xeral en data 10/05/1990, páxina 5, parágrafo segundo) susceptibles de cuestionar no seu momento a legalidade do mesmo, certo é que, á data actual, tratándose de actos firmes e consentidos, resultaría extemporáneo e improcedente cuestionar o axuste á legalidade vixente –no momento da súa aprobación de desenvolvemento do citado concurso. Por tanto, e analizando a viabilidade legal da petición de reingreso obxecto do presente expediente, debe manifestarse o seguinte:

- O Concurso de Traslados correspondente ao ano 1989, como consta en Acordos Plenarios de datas 28/02/1989 e 04/04/1989, agrupou nun único proceso dúas clases de procedementos: un procedemento de provisión de postos de traballo ou cambio de destinos (concurso de traslados propiamente dito) e un proceso -cando menos peculiar- de cambio de corpo e escala dos efectivos municipais. Este último e paradigmático procedemento conlevou unha alteración do vínculo xurídico de parte dos efectivos municipais (no caso que nos ocupa, funcionarios con praza en propiedade de policía municipais, Escala de Administración Especial, Corpo da Policía Local, pasaron a ser titulares de prazas de operador/a de proceso de datos) non amparada nas previsións da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, nin do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en canto á regulación, establecemento e ingreso nos Corpos e Escalas nos cales se articula a función pública local.
- Resulta obvio, en consecuencia, que se produciu unha alteración do vínculo xurídico entre a Administración Pública e o funcionario/a nomeado con cargo á nova praza; alteración da relación de servizo bilateral e expresamente consentida polos efectivos participantes no concurso mencionado, por canto que non só manifestaron a súa vontade de tomar parte no mesmo, senón que aceptaron o nomeamento con cargo ás prazas de auxiliares de Administración Xeral con efectos retroactivos da toma de posesión, e en todo caso, co límite temporal do 1 de xaneiro do 1988, como se estableceu no Decreto da Alcaldía de 30/05/1990 mencionado nos antecedentes. Por tanto, sen prexuízo da determinación da data de efectos -susceptible de discusión- e aplicando o criterio temporal máis favorable ao reclamante (efectos da data da notificación do Decreto de nomeamento, 11/06/1990) podería considerarse aprioristicamente que dende dita data o citado funcionario non era xa titular dunha praza de policía municipal (na actualidade, policía local) nin estaría integrado no dito corpo, por terse integrado, a través de actos firmes e consentidos, en operador de proceso de datos.

II.- Sen prexuízo de todo o antedito, a situación descrita a priori resulta estar condicionada pola existencia de acto administrativo expreso declarativo da situación administrativa de excedencia do funcionario solicitante (Acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/02/2004). Dito acrd non se estima armonizable coa esencia, contido e finalidade do Concurso de Traslados celebrado, o cal directamente contemplaba, en aplicación do disposto no Acordo Plenario de data 27/05/1989 (BOP nº 221, do 22 de setembro do 1989) a autorización para o cambio de escala (apartado III, letra b), segundo parágrafo), pero se trata de un acto firme, non recurrido en vía xudicial nin administrativa en tempo e forma, e que, polo tanto, despreza todos os efectos inherentes ao mesmo.

No seu parágrafo final, o acorod indicado sinala expresamente que:

“A referida situación administrativa non comporta dereito á reserva do seu posto de orixe, se ben poderá solicitalo reingreso ó servizo activo sempre que existe un posto vacante non ofertado en convocatoria pública, ó que se lle adscribirá provisoriamente consonte ao disposto no artigo 29 bis da lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública”

Polo tanto, e en estricta aplicación do acordo da Xunta de Goberno Local de 16/02/2004, procedería autorizar o reingreso nunha das 13 prazas de policía local vacantes indicadas no antecedente 4, asociada a un posto de traballo de igual denominación.

III.- Vistas as competencias delegadas ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal pola Xunta de Goberno Local en acordo de data 08/02/2013, en canto á declaración de situacións administrativas do persoal municipal, e de conformidade coa motivación que antecede, elévase ao dito órgano municipal a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar o reingreso ao servizo activo procedente da situación administrativa de excedencia voluntaria por incompatibilidade, declarada por acordo da Xunta de Goberno Local de 16/02/2004 (expediente nº 14.791/220) do funcionario municipal D. Guillermo Cameselle Barros, con nº de persoal 14.249, nos termos da petición formulada en escrito de data 22/04/2013 (documento administrativo nº 130044246, relacionado cos documentos nºs 110126860 e 110126860) de conformidade co informe do Asesor Xurídico da Policía Local, conformado polo Superintendente Xefe do Corpo, obrante no expediente administrativo nº 24.107/220, procedendo en consecuencia a materializar o citado reingreso nunha das 13 prazas vacantes –non incluídas en oferta de emprego público- de policía local, subgrupo C1, Escala de Administración Especial, Corpo da Policía Local, indicadas en informe técnico de 16/05/2013.

Segundo.- Declarar o prazo de 1 mes contado dende a notificación da presente resolución para a comparecencia do solicitante no Servizo de Recursos Humanos e conseguinte materialización do reingreso solicitado, dispoñendo, en caso contrario, o decaimento no procedemento administrativo de reingreso incoado a instancia de parte. declarando asemade a obriga de cumprimento por parte do interesado dos requisitos e condicións establecidos en informe de Corpo da Policía Local de 07/02/2012.

Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ao interesado, Área de Réxime Interior (Xefatura da Área e planificación e organización), Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social), Intervención Xeral Municipal e Xefe do Servizo de Administración Electrónica, aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con data 27.05.13, o concelleiro-delegado de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

c) RESOLUCIÓN DE DATA 10.06.2013, RELATIVA Á DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. GUILLERMO CASTRO LAGO. EXPTE. 24126/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 10.06.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, D. GUILLERMO CASTRO LAGO, con DNI 35.972.258-M, ten a condición de funcionario municipal, con nº de persoal 6534, data de nacemento 11/07/1948, con praza e posto de Auxiliar de Servizos Internos (pto. 136), grupo C2 de titulación e grupo de tarifa 07, adscrito ao Servizo de Benestar Social (301).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser "Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida", en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

II.- O real decreto lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social, non obstante o artigo 67.3 da norma establece que "a xubilación forzosa declarárase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. "

III.- Asímesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

IV.- En consecuencia, procederá que polo órgano competente para a declaración das situacións administrativas e xestión económica e administrativa do persoal municipal se declare a xubilación de D. Guillermo Castro Lago, con data de efectos de 11/07/2013, e cuxa proposta se debe elevar ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local segundo redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, propónse ao Sr. Concelleiro-Delegado a seguinte RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario municipal D. GUILLERMO CASTRO LAGO, con data de efectos 11/07/2013, con nº de persoal 6534, data de nacemento 11/07/1948, con praza e posto de Auxiliar de Servizos Internos (pto. 136), grupo C2 de titulación e grupo de tarifa 07, adscrito ao Servizo de Benestar Social (301), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."

Con data 10.06.13, o concelleiro-delegado de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

19(752).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE XANEIRO E MAIO 2013. EXPTE. 24180/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 1.07.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 25.06.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS
Alcaldía (Condutores)	Maio-2013	240'00
Extinción de Incendios	Maio-2013	590'00
Extinción de Incendios (oficina)	Xaneiro-2013	13'00
Policia Local (Xulgados)	Maio-2013	624'00
Policia Local (Horas en exceso)	Maio-2013	676'45
Inspección Vías e Obras	Xaneiro-2013	72'00
Parque Móbil	Xaneiro-2013	47'15
Ospio	Xaneiro-2013	60'00
Montes, Parques e Xardíns	Xaneiro-2013	109'00
Parque Móbil (Vías e Obras)	Decembro-2012/Xaneiro-2013	80'00
Desinfección	Xaneiro-2013	47'00
Parque Móbil (Parque Central)	Xaneiro-2013	94'00
Parque Central	Xaneiro-2013	82'00
Vías e Obras	Xaneiro-2012	151'00
Parque Móbil (Desinfección)	Xaneiro-2013	9'00
Conserxería	Xaneiro-2013	19'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 28.506'50 €

20(753).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES COMPRENDIDOS NO PERÍODO DE FEBREIRO A MAIO 2013. EXPTE. 24198/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 1.07.13, e de acordo co informe-proposta da xefa de Recursos Humanos, do 20.06.13, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 6.258,34 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Raimundo Villar Estévez e que remata en D^a. Beatriz Alonso Asenjo-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servicio	Traballador	DNI	Nº Per-soal	Mes	Importe
69082-250	Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Maio 2013	298,30 €
		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36.009.349-C	10694	Maio 2013	289,37 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Maio 2013	298,68 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Maio 2013	280,44 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Maio 2013	299,63 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Maio 2013	299,63 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Maio 2013	296,02 €
6111-320	Part. Cidadá	Gutiérrez Orúe J.Francisco	13.894.232-R	13920	Abril-Maio 2013	64,98 €
9862-77	D.Local e Em-prego	Esteban Aguirre, Beatriz	35.255.476-H	80961	Maio 2013	88,28 €
	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Maio 2013	318,82 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Maio 2013	318,63 €
85882-210		Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Maio 2013	177,84 €
85883-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Maio 2013	199,88 €
85884-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Maio 2013	183,73 €
27500/27506-502, 27736/27742-502	Inspección Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Abril-Maio 2013	420,28 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Abril-Maio 2013	394,44 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Abril-Maio 2013	395,20 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Abril-Maio 2013	529,15 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Abril-Maio 2013	528,58 €
		Román Casas, Juan Carlos	36.011.347-V	26866	Abril-Maio 2013	330,60 €
	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Maio 2013	113,05 €
82841-301	Benestar So-cial	Martínez Ramos, Erea	36.157.793-E	79557	Febreiro e Abril 2013	20,21 €
86714-301		Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Marzo-Maio 2013	25,39 €
	Educación	Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	Abril 2013	87,21 €
TOTAL						6.258,34 €

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	2.062,07 €
2410	Participación Cidadá e Emprego	153,26 €
9220	Conserxería	637,45 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	561,45 €
9310	Inspección de Tributos	2.598,25 €
1640	Cemiterios	113,05 €
2310	Benestar Social	45,60 €
3210	Educación	87,21 €
	TOTAL	6.258,34 €

21(754).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE SEGURIDADE E MOBILIDADE QUE AUTORIZA A OCUPACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DA CONSOLACIÓN DE COIA DO 5 AO 10 DE XULLO DE 2013. EXPTE. 85909/212.

Dáse conta do informe-proposta da enxeñeira técnica da Área de Seguridade e Mobilidade, do 2.07.13, que di o seguinte:

INFORME

- *Examinada a solicitude presentada pola AGRUPACIÓN DE FESTAS DA LOCALIDADE, CIF G-36659563 en data 03/06/2013 (número de documento 130065303 , relativa á celebración das Festas da Consolación en Coia na praza Prudencio Rodriguez de Dios e xardíns colindantes , os vindeiros 5,6,7,8,9 e 10 de xullo do ano que andamos no recinto sinalado no plano que se achega.*
- *Achegan póliza de responsabilidade civil , recibo de pagamento e aval bancario por importe de 5000 euros.
O departamento de parques e xardíns en data 07 de xuño de 2013 , emitíu o seguinte informe:*

Terán que presentar un aval por valor de 5000 € (o cal achegan) para responder dos posibles danos que se poidan ocasionar.

Deberán de cumprir as normas xerais sobre a utilización de espazos públicos segundo acordo da Comisión de Goberno de 17 de marzo de 2003.

Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores dos xardíns

Deberán usar o logotipo do Concello de Vigo en toda a publicidade e anuncios que fagan referencia ás festas

Deberán dispor dun servizo de limpeza para a recollida de restos que poidan xenerar a festa, quedando a zona utilizada nas mesmas condicións que antes do seu uso

Os desaugues de auga deberán estar conectados á rede de saneamento

Figurará o logotipo do Concello de Vigo en toda a publicidade, merchandaising, carteis etc. que fagan referencia ao evento debendo de ser éste como mínimo de iguais dimensións que o da empresa organizadora e calqueira outra empresa ou entidade colaboradora.

- *Por parte da área de Mobilidade ,Transportes e Seguridade non hai inconveniente en acceder á ocupación do lugar solicitado, sempre que se faga dentro da zona marcada e delimitada no plano que se achega POR PARTE DA COMISIÓN e sen ocupar a estrada de circulación, sendo debidamente delimitado e sinalizado de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade viaria, para o libre tránsito de persoas e vehiculos no seu contorno , deixando paso baleiro suficiente para os vehículos de urxencias e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos CO FIN DE LEVAR A CABO OS ACORDOS ESCRITOS NA acta da reunión que se achega por parte da comisión de Festas levada a cabo entre a AAVV e a citada comisión de festas, MANTERASE A RÚA O GROVE PECHADA AO TRÁFICO DURANTE OS DIAS 4,5,6,7, 8,9 E 10 DE XULLO segundo o plano remitido por Mobilidade.Anunciarase na prensa local e na páxina web o citado corte de tráfico. Deberán sinalizarse o corte por parte da organización*

Visto o exposto, formúlase a seguinte PROPOSTA:

AUTORIZAR á AGRUPACIÓN DE FESTAS DA LOCALIDADE, CIF G-36659563 a ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración das Festas da Consolación de Coia na praza Prudencio Rodriguez de Dios e xardíns colindantes , os vindeiros 5,6,7,8,9,10 de xullo no andamos no recinto sinalado no plano que se achega debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse, asi mesmo, ás seguintes normas:

- *MANTERASE A RÚA O GROVE PECHADA AO TRÁFICO DURANTE OS DIAS 4,5,6,7,8,9 E 10 DE XULLO segundo o plano remitido por Mobilidade.Anunciarase na prensa local e na páxina web o citado corte de tráfico. Deberán sinalizar o corte por parte da organización*
- *Terán que presentar un aval por valor de 5000 € (o cal achegan) para responder dos posibles danos que se poidan ocasionar.*

Deberán de cumprir as normas xerais sobre a utilización de espazos públicos segundo acordo da Comisión de Goberno de 17 de marzo de 2003.

Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores dos xardíns

Deberán dispor dun servizo de limpeza para a recollida de restos que poidan xenerar a festa, quedando a zona utilizada nas mesmas condicións que antes do seu uso

Os desaugues de auga deberán estar conectados á rede de saneamento

Figurará o logotipo do Concello de Vigo en toda a publicidade, merchandaising, carteis etc. que fagan referencia ao evento debendo de ser éste como mínimo de iguais dimensións que o da empresa organizadora e calquera outra empresa ou entidade colaboradora.

- *Horario máximo autorizado: 3:30 horas coas ampliacións previstas na orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Límite transmisión ruidos : non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.*
- *Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.*
- *Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo electrógeno ,entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.*
- *A persoa responsable estará presente e localizable no teléfono 619892168 , José Porto Padín (en representación da Agrupación de festas da localidade de Vigo) ou ben Alfonso Carrera (Presidente da comisión de festas) no teléfono 664540976*

Na mesma data, o concelleiro da Área de Mobilidade e Seguridade resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

22(755).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1, SEN CUSTE ADICIONAL, DAS OBRAS DE MANTEMENTO E CONSOLIDACIÓN DO ACTUAL CIRCUÍDO DE ADESTRAMENTO NO PARQUE DE CASTRELOS.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 4.06.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en data 28/12/2012, acordou adxudicar á empresa CONSLAR INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN, SLU, a obra de referencia, con un prazo de execución de dous meses.

O financiamento da obra é por 137.257,10 €, consignados na partida 3410.6190003 do orzamento municipal de 2012.

Con data 4 de xullo, o director facultativo da obra -o técnico municipal D. Jorge Muñoz Rama-, emite informe sobre determinadas variacións no proxecto inicial, que suporían a necesidade de introducir determinadas unidades de obra non comprendidas no proxecto vixente aprobado. Todo iso, non provocaría variación do orzamento económico aprobado, manténdose na súa integridade o importe da adxudicación inicial de 137.257,10 IVE.

As variacións sobre o proxecto inicial, xurden coma unha necesidade, xa que durante a execución das obras comprobouse que coa solución recollida en proxecto para a capa elástica, o pavimento de xabre superficial non adquiriría o grado de compactación necesario. É por isto que se plantexa a modificación da capa elástica de caucho prefabricado recollida en proxecto por outra capa de caucho in situ e executada manualmente que permita a diminución do espesor da capa elástica prevista inicialmente, solución esta á que se chega logo de ensaiar sobre o terreo diferentes bases elásticas con distintos espesores para obter o grado de compactación adecuado.

No relativo ao elemento lineal confinador do circuíto, en proxecto se recolle un bordo de aceiro flexible no perímetro interior e exterior do circuíto, que tralas probas realizadas in situ, se comproba que presenta pouca visibilidade para o usuario do circuíto co agravante de que en caso de caída supón un elemento potencialmente cortante polas aristas que presenta, polo que propónse a substitución por outro de polietileno con un bordo superior en forma de tubo que resulta máis visible e seguro para calquer usuario do parque. Ademais se propón a eliminación do bordo no lado exterior do circuíto para evitar excesivos elementos que sobresalgan da rasante da pista.

Con relación á rede de drenaxe, adaptárase á realidade do contorno polo que se plantexa a inclusión de novos sumidoiros conectados a rede existente.

En aras da mellora da visibilidade do circuíto, plantéxase a creación de nova rede de alumeado nos tramos que non presenta iluminación. Así mesmo, na proximidade do anfiteatro pola escasa delimitación que presenta o circuíto propónse a inclusión de bolardos de modo que se delimite o circuíto e se evite a invasión polo tráfico rodado que eventualmente circula pola zona e que é do tipo pesado.

Así mesmo, debido ao aumento do número de corredores que presentará o circuíto tralas obras debido a súa considerable melloría, propónse a renovación das dúas marquesinas de madeira existentes que serven de percheros cubertos para os usuarios, que están totalmente deterioradas.

As modificacións que se plantean xorden pola concurrencia das circunstancias recollidas no Artigo 107, párrafo 1, apartado a) do texto refundido da Lei de Contratos do Sector público e non alteran as condicións esenciais de adxudicación e de licitación do contrato nos casos recollidos no Artigo 107, párrafo 3 do citado texto refundido.

Coma xa se indicou, as citadas modificacións, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público. Considerase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non ampría o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantean non alteran as condicións de adxudicación e de licitación, recollidas no prego de Clausulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de mantemento e consolidación do actual circuío de entramento no parque de Castrelos.

Por todo o exposto e tendo en conta o informe do director da obra, de data 4 de xullo, o técnico que subscribe entende procedente propoñer á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Autorización para encargar a redacción dun proxecto denominado Proxecto Modificado nº 1, coste cero, das obras de mantemento e consolidación do actual circuío de adestramento no parque de Castrelos, que recolla as modificacións necesarias para executar a obra, non significando incremento ningún no orzamento da mesma.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(756).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.